


Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A auga na natureza atópase en constante movemento, que se denomina **ciclo da auga**. Neste movemento pasa por distintos estados e diferentes fases: **evaporación**, **condensación**, **precipitación** e **retorno**.

1 Observa o debuxo e escribe no lugar correspondente as seguintes fases do ciclo da auga.

precipitación – evaporación – condensación – retorno



2 Escribe que fase do debuxo anterior corresponde a cada unha destas oracións. Despois, ordénaas de forma correcta de 1 a 4.

- A auga das nubes cae en forma de chuva, neve ou sarabia. _____
- A auga do mar evapórase. _____
- O vapor de auga condénsase e forma as nubes. _____
- Parte da auga cae aos ríos, que a devolven ao mar; outra parte penetra na terra e forma as augas subterráneas. _____

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A auga pódese atopar en numerosos lugares na natureza. A **auga líquida** encontrámola nos **mares, ríos, lagos e torrentes** da superficie terrestre e nas **augas subterráneas**. A **auga sólida** compóñena os **xeos** dos **polos** e dos **cumios** das montañas.

1 Escribe a diferenza entre os termos de cada parella.

- Auga salgada e auga doce: _____

- Río e torrente: _____

- Lago e lagoa: _____

- Río subterráneo e acuífero: _____

2 Marca en cales destes lugares poderías atopar auga xeada.

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> No cumio dunha montaña. | <input type="checkbox"/> Na praia. |
| <input type="checkbox"/> No polo sur. | <input type="checkbox"/> Nun iceberg. |
| <input type="checkbox"/> Nun corgo. | <input type="checkbox"/> Nun acuífero. |